

**Acta núm. 03/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 25 de febreiro de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Non asiste: José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 25 de febreiro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2025, DO 11/02/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CONCILIA ENTROIDO 2025 E CONCILIA PASCUA 2025.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2025, DO 11/02/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 11.02.2025, acta núm. 02/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SEILA LEIRAS FERNÁNDEZ, na que comunica que pretende executar obras e legalizar outras xa executadas nunha parcela sita no lugar de Guitiande nº 15 – Os Ánxeles. As actuacións descritas consonte coa memoria técnica asinada polo arquitecto técnico Francisco Fernández Novas, consisten en:

- . Legalizar obras de reparación realizadas na coroación de parte dun muro tradicional existente, que conforma a fronte e entrada á parcela sobre a que se asenta a vivenda.
- . Executar un peche lixeiro no lindeiro sur da parcela, con postes metálicos e entramado ou manta vexetal, tipo “cañizo”, cunha lonxitude aproximada de 12,50 metros lineais e unha altura non superior a 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 7450839NH2475S0001IL) onde se pretenden executar e legalizar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural tradicional, e atopase na aldea de Guitiande que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM (clave: AE4).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 05/02/2025 (expediente 3965/24) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e legalizar as obras executadas e autorizar as novas, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,89 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,46 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL MARTÍNEZ LEMA, na que comunica que vai executar obras nunha parcela sita en Brans de Abaixo, consistentes en levantar dous peches, un no linde leste e outro no linde oeste da parcela, executados con base de bloque, revestidos e pintados ata una altura de 1,20 metros e unha lonxitude total aproximada de 71 m., rematados por enriba con arameira (malla electrosoldada) ata una altura total de 1,80 metros. Tamén se pretende facer un pequeno movemento de terras no lindeiro oeste da parcela.

A parcela (referencia catastral 6470110NH2476S0001FD) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O arranque dos dous peches laterais deberá de afastarse un mínimo de 4 metros do eixo do vial.
- A altura dos peches laterais deberá de acomodarse á rasante natural do terreo, sen poder verse alterada a mesma con movementos de terras nas bandas laterais afectadas antes de executar ditos peches.
- O recheo sobre o lindeiro oeste da parcela, só se poderá levar a cabo unha vez levantado o peche, non podendo superar a altura de 30 cm. desde a base de dito peche.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 76,33 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 140,90 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ABDELLAH ET TAHERY, na que comunica que vai construír unha beirarrúa de 3 metros de fondo e 17 metros de lonxitude, na

fronte da vivenda nº 24 de Fonte Paredes - Ons. Tamén se pretende instalar unha tubaxe de 10 metros de lonxitude e unha sección mínima de 40 cms, sobre unha cuneta existente.

A parcela (referencia catastral 1789805NH2418N0001GG) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza para as áreas non consolidadas pola edificación na zona oeste (NRO-2), e linda coa estrada de titularidade provincial DP-1302 (Negreira- Urdilde), no seu p.q. 2+05.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial da Coruña do 04.02.2025 (expte. 2024000035012) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustaranse ás condicións impostas na autorización da Deputación Provincial da Coruña do 04.02.2025 (expte. 2024000035012).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,33 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 82,90 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TOMÁS ZAMORA MARTÍN, na que comunica que vai limpar con auga a presión as fachadas e a cuberta da vivenda sita na Urbanización Agro Novo nº 33 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6346106NH2464N0001UD) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JESÚS GARCÍA OTERO, na solicita a legalización dunha piscina descuberta anexa á vivenda sita no lugar de Estrar 41 – Os Ánxeles. A piscina consonte co proxecto de legalización asinado en data 20.01.2025 polo arquitecto Franciso Javier Echeverría, está rematada e executouse con muros de formigón armado de 20 cms de espesor, revestida con gres esmaltado e dimensións do vaso de 7 metros de longo x 4 de ancho e fondo variable: 1,30 - 1,60 metros.

A parcela (referencia catastral 7039410NH2474S0000ZQ) na que se executaron as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación para a zona leste do concello (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e legalizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 286,11 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 350,68 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUIS LÓPEZ LÓPEZ, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta, en Coruxido nº 21 – Bastavales. A piscina que terá unhas dimensións de 5 m de longo x 2,50 metros de ancho e 1,40 metros de profundidade, instalarase na parte traseira da vivenda afastada dos lindeiros particulares.

A parcela (referencia catastral 7404603NH2470N0001HK) sobre a que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza nº 8 (NRL-2 do PXOM)).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- A piscina afastarase mínimo a 3 m. de tódolos lindeiros particulares.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 200,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 264,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BARLOGAR, na que comunica que van limpar os canalóns e impermeabilizar e limpar a cuberta do edificio de vivendas Barlogar sito na Avda. de Santa Mina - Pedrouzos.

A parcela (referencia catastral 6359412NH2466S0000EI) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM, e atópase afectada pola proximidade dun elemento integrado do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, concretamente o centro de saúde de Pedrouzos, e identificado coa clave (BE 11), e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EMILIO IGLESIAS LORASQUE, na que comunica que vai conectar augas de pluviais á rede municipal de pluviais que transcorre pola beirarrúa que da fronte á vivenda nº 47 do lugar de Sabaxáns – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 7918910NH2471N0001PS) na que se van executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Tan só poden conectarse á rede municipal, augas de pluviais da cuberta (augas limpas), nunca augas de outra natureza e/ou orixe.
- A conexión debe realizarse ao pozo existente, pegado ao lado norte do peche, empregando unha tubaxe de PVC de diámetro máximo de 160 mm., a embocar en dito pozo.
- Deberá comunicarlle ao concello o inicio das obras, co fin de supervisar as mesmas.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros.

TERCEIRO .- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a un alpendre de 50 m², sito no lugar de Soigrex s/n (Os Ánxeles), abrindo unha gabia de 124 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 19.05.2022 (extpe. 22200960).

A edificación obxecto de subministro (referencia catastral 6941311NH2464S0001YZ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2) e atopase dentro da zona de afección dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 03.06.2022 (clave DH.W15.85629), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.648,83 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 329,77 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 394,34 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada en Chave de Carballo nº 37 (Bastavales), abrindo unha gabía de 2 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 22.10.2024.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 9219909NH2491N0000XL) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación na zona leste (Ordenanza nº 8/NRL-1) e atopase dentro da zona de afección dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 30.10.2024 (clave DH.W15.104918), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 85,93€, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,19 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,76 euros.

CUARTO .- COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Antonio Fariña García, que di actuar en representación de FORRAJES CONDOMIÑA S.C., na que comunica a ampliación da

actividade de explotación gandeira bovina, no lugar de A Telleira – Bastavales, consonte coa memoria final de obra asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visada polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña – Pontevedra) con data 21.11.2024 (expte. 20241047).

Antecedentes:

1. A explotación agropecuaria preexistente está recoñecida co nº de rexistro de explotación gandeira ES150130092401.

A Xunta de Goberno Local do 19/09/2023 concedeu licenza de obras para construción dunha nave e dous silos, para ampliación da gandería existente de carne de gando bovino, no lugar de A Telleira - Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña – Pontevedra) con data 12.09.2023 (expte. 20230878).

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final das obras asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao con data 15.11.2024 e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar a ampliación da actividade de explotación gandeira bovina no lugar de A Telleira – Bastavales, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 263,25 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Roberto García Rey, que di actuar en representación de SANDRA REY FERNÁNDEZ, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e edificación complementaria en Sabaxáns 91 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución, asinado polo arquitecto Roberto García Rey, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 13.01.2025 (expte.2405717).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 15013B503435970000MX) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución, asinado polo arquitecto Roberto García Rey, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 13.01.2025 (expte.2405717).

-. En relación coas obrigas sinaladas no artigo 20 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o propietario:

* Asume os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executará as obras necesarias para conectar ás redes de servizos en funcionamento.

* Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (superficie de cesión recollida na licenza de segregación outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 20.11.2018), que implica a pavimentación do espazo de cesión en toda a fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval bancario ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. A obtención da licenza para a edificación non implica licenza para os peches, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 2.068,82 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.164,85 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por José Manuel Fernández Castro, que di actuar en representación de ÓSCAR PICADO GARCÍA, solicitando licenza para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar en Pousada 14 – Viceso, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 10.01.2023 e 31.01.2025, e documentación complementaria visada con data 08.05.2024 e 13.02.2025 (Expte. 2300060).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 0659707NH2405N0001AY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 10.01.2023 e 31.01.2025, e documentación complementaria visada con data 08.05.2024 e 13.02.2025 (Expte. 2300060).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (59 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval bancario ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a edificación non implica licenza para os peches, para o que deberá facer unha nova solicitude.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da

concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 59 m², destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 17 de febreiro de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.000,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 3.096,03 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de LIDIA GONZÁLEZ MAREQUE, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Liñares 66 – Brión, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, sen visar, de data novembro 2024.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 5852816NH2455S0001FA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficios de dirección das mesmas, nos que se identificarán os técnicos aos que se teñen encomendadas).

Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.

-. A obra axustarase estritamente ao antedito proxecto asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, de data novembro 2024.

-. En relación coas obrigas sinaladas no artigo 24 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, o propietario asume executar a súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades; o que implica a pavimentación do fronte da parcela (soleira de formigón), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, para o que deberá aportar aos efectos aval bancario ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

A parcela, segundo a licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local con data 20.11.2018 é coincidente coa parcela neta, carecendo de espazo de cesión ao concello de terreos destinados a viais fora das aliñacións.

-. A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos

de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.436,96 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.532,99 euros.

SEXTO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CONCILIA ENTROIDO 2025 E CONCILIA PASCUA 2025.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 13.02.2025 de prezo público para a asistencia ás actividades de Concilia Entroido 2025 e Concilia Pascua 2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), en sesión do 18.02.2025.

Vistos o informe técnico do departamento de servizos sociais do 07.02.2025 e o informe de intervención do 13.02.2025.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o seguinte prezo público para a asistencia ás actividades de Concilia Entroido 2025 e Concilia Pascua 2025.

- Concilia Entroido: 7,00 €/ participante para as 3 xornadas.

- Concilia Pascua: 10,00 €/ participante para as 4 xornadas.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio no BOP.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González